

RECOLLIDA DE ACEITE VEXETAL USADO

O Concello de Brión pon a disposición dos veciños e veciñas un novo servizo de **RECOLLIDA DE ACEITE VEXETAL USADO**, como unha mellora e ampliación do actual sistema de recollida dos residuos.

Recollerase o aceite doméstico (restos das frituras e das conservas) para a súa posterior reciclaxe. Con este xesto diminuiremos a contaminación das augas dos ríos, xa que verter o aceite polo fregadeiro é algo altamente contaminante.

As persoas interesadas en colaborar na recollida selectiva do aceite deberán separalo no seu domicilio e baleiralo nos depósitos colocados na base de Protección Civil (Paseo de Pedrouzos nº 7, en fronte do colexio).

Brión, 25 de xuño de 2008

O Alcalde,



José Luis García García